

Características principais: liña de media tensión a 20 kV, conductor LA-30, en apoios de formigón e torres metálicas, con orixe na L.M.T. ó C.T. de Arbol e final no C.T. de Carregal de Abaixo, cunha lonxitude de 710 metros. Centro de transformación de 50 kVA, 20.000-10.000, 380/220 V \pm 5% torre metálica. Rede de baixa tensión, en apoios de formigón e conductores R.Z.-25-50.

Procedencia dos materiais: nacional.

Presuposto: 6.982.941 pesetas.

O que se fai público para que poida ser examinado o proxecto da instalación nesta delegación provincial, r/ Pascual Veiga, 12-14, e formulárense ó mesmo tempo as reclamacións por duplicado, que se consideren oportunas, no prazo de trinta días, a partir do seguinte ó da publicación desta resolución.

Lugo, 12 de novembro de 1993.

Jesús Bendaña Suárez
Delegado provincial de Lugo

Resolución do 25 de novembro de 1993, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización e declaración de utilidade pública da instalación eléctrica que se cita. (Expediente número 4.031 A.T.).

Para os efectos previstos no artigo 9 do Decreto 2.617/1966, e no artigo 10 do Decreto 2.619/1966, ámbolos dous do 20 de outubro, sométese a información pública a petición de autorización e declaración de utilidade pública dunha instalación que ten por características principais as seguintes:

Peticionario: *Barras Eléctricas Galaico-Asturianas, S.A.*, Lugo-Cidade de Viveiro, 4.

Situación: Pena do Galo, concello de Viveiro.

Finalidade: mellora da subministración na zona e subministración ó repetidor de Telefónica.

Características principais: liña de media tensión de 20 kV, conductor LA-56, apoios de formigón, orixe na L.M.T. Magazos-San Cibrao e final no C.T. Pena do Galo, cunha lonxitude de 446 metros. Centro de transformación de 50 kVA, torre metálica 20 kV, 380/220 V. Redes de baixa tensión, conductores R.Z.-50 apoios de formigón.

Procedencia dos materiais: nacional.

Presuposto: 5.471.555 pesetas.

O que se fai público para que poida ser examinado o proxecto da instalación nesta delegación provincial, r/ Pascual Veiga, 12-14, e formulárense ó mesmo tempo as reclamacións, por duplicado, que se consideren oportunas, no prazo de trinta días, a partir do seguinte ó da publicación desta resolución.

Lugo, 25 de novembro de 1993.

Jesús Bendaña Suárez
Delegado provincial de Lugo

Resolución do 26 de novembro de 1993, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización e declaración de utilidade pública da instalación eléctrica que se cita. (Expediente número 4.036 A.T.).

Para os efectos previstos no artigo 9 do Decreto 2.617/1966, e no artigo 10 do Decreto 2.619/1966, ámbolos dous do 20 de outubro, sométese a información pública a petición de autorización e declaración de utilidade pública dunha instalación que ten por características principais as seguintes:

Peticionario: *Barras Eléctricas Galaico-Asturianas, S.A.*, Lugo-Cidade de Viveiro, 4.

Situación: en Tarrío, parroquia de Goiriz, concello de Vilalba.

Finalidade: mellora da subministración na zona.

Características principais: liña de media tensión a 20 kV, conductor LA-30, en apoios de formigón e cunha lonxitude de 1.827 metros, orixe na L.M.T. Vilalba-Abadín e final no C.T. Gomariz. Centro de transformación de 50 kVA, 20 kV, 380/220 V, torre metálica. Liña de baixa tensión, conductores R.Z.-95-50-25 en apoios, de formigón ou sobre fachada.

Procedencia dos materiais: nacional.

Presuposto: 10.244.187 pesetas.

O que se fai público para que poida ser examinado o proxecto da instalación nesta delegación provincial, r/ Pascual Veiga, 12-14, e formulárense ó mesmo tempo as reclamacións, por duplicado, que se consideren oportunas, no prazo de trinta días, a partir do seguinte ó da publicación desta resolución.

Lugo, 26 de novembro de 1993.

Jesús Bendaña Suárez
Delegado provincial de Lugo

CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES

Resolución do 10 de decembro de 1993, do Servicio de Estructuras e Desenvolvemento Rural de Lugo, pola que se anuncia a publicación das bases definitivas de concentración parcelaria da zona de Candia (Abadín-Lugo).

Ponse en coñecemento de tódolos interesados na concentración parcelaria da zona de Candia (Abadín-Lugo), declarada de utilidade pública e de urxente execución polo Decreto 84/1989, do 23 de febreiro (DOG nº 104, do 1 de xuño), que a Xunta Local da zona, na súa reunión do 28 de xullo de 1992, aprobou as bases definitivas de concentración, que estarán expostas ó público na Casa do Concello de Abadín e na Cámara Agraria Local, durante o prazo de trinta días, contados des-

de o seguinte ó da última inserción desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* e no *Boletín Oficial* da Provincia, de conformidade co que determina a Lei de concentración parcelaria para Galicia (artigo 36).

Os documentos que os interesados poden examinar nos lugares de exposición refírense á determinación do perímetro (colección de planos coas parcelas incluídas e relación das excluídas), á clasificación de terras e fixación dos coeficientes que servirán de base para face-las compensacións que sexan necesarias, así como á determinación de propietarios e titulares de gravames e outras situacións xurídicas, das que se declara formalmente a titularidade.

Contra as bases poden os interesados interpor recurso de alzada perante o conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, dentro do prazo dos trinta días sinalados, e presentalo no Servicio de Estructuras e Desenvolvemento Rural (Ronda da Muralla, 134, 5º Lugo), nas oficinas centrais da consellería (edificios administrativos de San Caetano, Santiago de Compostela), ou en calquera das dependencias ás que fai referencia o artigo 66 da Lei de procedemento administrativo, expresando no escrito un domicilio dentro do termo municipal para face-las notificacións que procedan.

Lugo, 10 de decembro de 1993.

Fernando López Gutiérrez

Xefe do Servicio de Estructuras e Desenvolvemento Rural de Lugo

Resolución do 10 de decembro de 1993, do Servicio de Estructuras e Desenvolvemento Rural de Lugo, pola que se anuncia a publicación das bases definitivas de concentración parcelaria da zona de Montecubeiro (Castroverde-Lugo).

Ponse en coñecemento de tódolos interesados na concentración parcelaria da zona de Montecubeiro (Castroverde-Lugo), declarada de utilidade pública e de urxente execución polo Decreto 339/1990, do 14 de xuño (DOG nº 124, do 27 de xuño), que a Xunta Local da zona, na súa reunión do 21 de setembro de 1993, aprobou as bases definitivas de concentración, que estarán expostos ó público na Casa do Concello de Castroverde e na Cámara Agraria Local, durante o prazo de trinta días, contados desde o seguinte ó da última inserción desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* e no *Boletín Oficial* da Provincia, de conformidade co que determina a Lei de concentración parcelaria para Galicia (artigo 36).

Os documentos que os interesados poden examinar nos lugares de exposición refírense á determinación do perímetro (colección de planos coas parcelas incluídas e relación das excluídas), á clasificación de terras e fixación dos coeficientes que servirán de base para face-las compensacións que sexan necesarias, así como á determinación de propietarios e titulares de gravames e outras situacións xurídicas, das que se declara formalmente a titularidade.

Contra as bases poden os interesados interpor recurso de alzada perante o conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, dentro do prazo dos trinta días sinalados, e presentalo no Servicio de Estructuras e Desenvolvemento Rural (Ronda da Muralla, 134, 5º Lugo), nas oficinas centrais da consellería (edificios administrativos de San Caetano, Santiago de Compostela), ou en calquera das dependencias ás que fai referencia o artigo 66 da Lei de procedemento administrativo, expresando no escrito un domicilio dentro do termo municipal para face-las notificacións que procedan.

Lugo, 10 de decembro de 1993.

Fernando López Gutiérrez

Xefe do Servicio de Estructuras e Desenvolvemento Rural de Lugo

Resolución do 15 de decembro de 1993, da Delegación Provincial da Coruña, de notificación da resolución dos procedementos sancionadores de incendios que se citan (expediente 182-I/1993 e seis máis).

De conformidade co disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, notifícaselles ás persoas que no anexo se mencionan que, con esta data, resolvín publicala resolución dos procedementos sancionadores por infracción da Lei 81/1968, do 5 de decembro, sobre incendios forestais (BOE nº 294, do 1-12-1968) e do seu regulamento, aprobado polo Decreto 3.769/1972, do 23 de decembro (BOE nº 38, do 13-2-1973), por resultaren descoñecidos os domicilios dos interesados.

O importe da sanción farase efectivo en calquera entidade bancaria, na conta de recadación de multas e sancións da Xunta de Galicia nº 311.000.166/2 da *Caixa de Aforros de Galicia* na Coruña, O.P., no prazo de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte ó de publicación desta notificación. Para efectualo deberá empregarlos impresos normalizados, que lle serán facilitados nesta delegación provincial, sita no edificio administrativo de servizos múltiples, Monelos, A Coruña. Transcorrido o citado prazo, procederase ó cobro pola vía administrativa de constrinximento.

Non obstante o anterior, e de conformidade co previsto no artigo 114 e concordantes da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, contra esta resolución, que non esgota á vía administrativa, cabe formular recurso ordinario perante o conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, no prazo de un mes, contado igualmente, a partir do día seguinte ó de publicación desta notificación.

Transcorrido o prazo de interposición do recurso sen que se presente, esta resolución será firme para tódolos efectos regulamentarios.

A Coruña, 15 de decembro de 1993.

Rogelio Aramburu Núñez
Delegado provincial da Coruña